

TEXTO Nº 9: OS BURROS, UNS EXCELENTES GARDAS FORESTAIS QUE MANTEÑEN O MONTE SEN LUME

Malia a súa fama de cazurros, os burros son uns animais moi sociables que, entre outras moitas cousas, nos poden axudar a evitar incendios forestais.

Os burros da asociación Andrea coidan a reserva da biosfera Área de Allariz. Unha manda de 17 burros traballa en equipo para evitar incendios nunha extensión de aproximadamente 1.000 hectáreas (o equivalente a uns 1.200 campos de fútbol) de bosque arbóreo -carballos e castiñeiros- e monte baixo. David Lema, membro da asociación e quen nos facilita esta información, presenta cada un deles polo seu propio nome: Candela, Margarí, Olivia, Blanca, Esperanza, Rosalía, Carmela, Martina, Lola, Pedro, Salva, Martín, Lucas, Basilio, Ulises, Mario, Douro.

CONTROL POR GPS

Para que non saía da zona encomendada, a manda está controlada polos xeolocalizadores GPS que levan dúas femias. Lévanos femias porque en estado salvaxe son elas as que forman as mandas; os machos seguen sempre as que consideran máis experimentadas. En caso de saíren da súa zona, o persoal de Andrea recibe un aviso no móbil e acode a reintroducir a manda.

GARDAS FORESTAIS

Os burros comen máis arbustos que herba. A súa dieta preferida encóntrase no monte baixo: silvas, toxo, uces, carqueixas, carrascos, ramiñas de árbores. Estes vexetais leñosos teñen moita celulosa e lignina, substancias que forman a madeira e mais a cortiza. Os burros necesitan estas substancias en abundancia para realizaren adecuadamente a dixestión. Deste xeito limpan grandes zonas de monte baixo, que é o que primeiro arde nos incendios. É por esta razón pola que se convierten, sen quererlo, en axentes de prevención de incendios forestais. Unha función semellante cumprena outros animais e, de feito, na reserva pastan tamén vacas e cabras.

UNHA ESPECIE MINGUANTE

Cantas mandas farían falta para cubrir todo o territorio galego, é unha pregunta moi difícil de contestar, segundo David. En calquera caso, os burros poden axudar, pero eles só non evitarían todos os incendios que cada ano asolan Galicia. Para iso son necesarias outras medidas, entre elas que a sociedade galega se decate de que o monte é unha parte fundamental do seu país.

Segundo o censo asnal que nos anos 80 fixo a Universidade de Córdoba -o único que existe- en Galicia había máis de 26.000 individuos. Na actualidade é probable que queden menos de 4.000. Polo tanto, aínda podendo os burros evitar eles só os incendios, non serían xa suficientes, habería que traelos de fóra.

Xornal Papagaio. (2017/04). Os burros, uns excelentes gardas forestais que manteñen o monte sen lume. Actualidade.